

**ANEXO III**
**2019/CP/229**
**CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN**
**AXUDA**

Referencia: ECT2019-000448			
Título: "Incrementando el impacto de la internacionalización de la investigación en la Universidade da Coruña" (GOEuropeUDC), convocatoria Europa Redes y Gestores,			
CENTRO: Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI)			
OBJETO DO CONTRATO: Un contrato para apoio e reforzo en actividades de xestión de proxectos europeos (técnico 2). Colaboración nas tarefas do proxecto de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: OTRI-UDC, Campus de Elviña, horario de 07:45 a 15:15 hh			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador asociado <input type="checkbox"/>		* Investigador en formación <input type="checkbox"/> * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico de apoio á investigación <input checked="" type="checkbox"/>		Axudante de apoio á investigación <input type="checkbox"/>	
Técnico administrativo <input type="checkbox"/>		Axudante administrativo <input type="checkbox"/>	
XORNADA	Tempo Completo: <input checked="" type="checkbox"/>	Tempo Parcial: <input type="checkbox"/>	
DURACIÓN	Ata o 31 de decembro de 2020	DATA APROX. DE INICIO	01/01/2020
RETRIBUCIÓNS BRUTAS: 2.450,00 € brutos brutos/ mes			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0505210654 541A 64902			

\* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

**REQUISITOS**

TITULACIÓN: Titulación universitaria superior recoñecida en España.
EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria
REQUISITOS: Deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

**LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN**

LUGAR: Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) da UDC ou por correo electrónico <a href="mailto:otri.direccion@udc.es">otri.direccion@udc.es</a>
PRAZO: 10 días hábiles desde a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC

**ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN**

ÓRGANO: José Mahía Saavedra; Pilar Pintor Vázquez; Valérie Bruynseraede
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: páxina web <a href="http://otri.udc.es">otri.udc.es</a>

**A Coruña, 22 de outubro de 2019**  
**O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL**

**Asdo.: Salvador Naya Fernández**

**Documentación que debe presentar o solicitante:**

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

\*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG

<b>Código Seguro De Verificación</b>	+b7XdRqQu4UaW3TA2HdUyQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	08/11/2019 14:30:17
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	1/3
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+b7XdRqQu4UaW3TA2HdUyQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/+b7XdRqQu4UaW3TA2HdUyQ==</a>		



## MEMORIA PARA CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO EN XESTIÓN DE PROXECTOS INTERNACIONAIS DE I+D+i (TÉCNICO 2)

A OTRI da Universidade da Coruña ten concedido un proxecto da convocatoria Europa Redes do Ministerio de Economía, Industria y Competitividad, cunha duración ata 31 de decembro de 2020. O obxectivo deste proxecto consiste en fortalecer a presenza de grupos de investigación, centros de I+D e campus de especialización da UDC en proxectos de carácter internacional, con especial incidencia en H2020, e a captación de recursos económicos nesa contorna a través da mellora da capacidade estrutural da UDC para ofrecer un servizo de apoio aos investigadores e ecosistema empresarial.

As tarefas do novo persoal contratado consistirán en actividades de apoio vinculadas á execución do proxecto, tales como: xestión do propio proxecto concedido no marco da convocatoria Europa Redes, xestión administrativa, económica e técnica de proxectos internacionais concedidos á UDC, definir ideas de proxectos internacionais viables, colaborar na redacción de propostas, organización de actividades de sensibilización e formación da comunidade investigadora, interacción con empresas do entorno, etc.

Os/as candidatos/as deberán ter dispoñibilidade para viaxar para asistencia a reunións, xornadas e eventos.

### Duración do contrato

A duración estimada do contrato será dun máximo de 12 meses ata o 31 de decembro de 2020.

### Documentación a presentar

Os/as interesados/as deberán presentar unha solicitude, na que indicarán a referencia da convocatoria de contratación, e na que se detallarán claramente os méritos en diferentes apartados seguindo o mesmo esquema e os conceptos indicados na seguinte táboa de valoración. Deberán indicarse as tarefas realizadas en cada posto de traballo e a duración deste. **Os currículos presentados noutro formato distinto ao aquí especificado poderán non ser valorados pola comisión de avaliación.**

Non se valorará en ningún caso o mesmo mérito en dous apartados diferentes, agás o especificado na táboa de criterios e valoración de méritos.

A persoa seleccionada deberán presentar nun prazo máximo de 5 días desde a resolución, a documentación acreditativa de todos os méritos alegados. A falta de acreditación ou a acreditación incompleta de méritos e requisitos suporá a exclusión definitiva do/a aspirante cuxo posto será ocupado polo/a correspondente candidato/a da listaxe de reserva.

### Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*\*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG*

Código Seguro De Verificación	+b7XdRqQu4UaW3TA2HdUyQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	08/11/2019 14:30:17
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+b7XdRqQu4UaW3TA2HdUyQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/+b7XdRqQu4UaW3TA2HdUyQ==</a>		



**Crterios e valoración de méritos**

CONCEPTO		PUNTUACION	MÁXIMO
<b>Experiencia en investigación</b>	Grao de doutor	5 puntos	5 puntos
	Participación como investigador en proxectos de investigación	0,5 punto por ano traballado	
<b>Experiencia profesional en xestión de proxectos</b>	Experiencia en xestión de proxectos internacionais de I+D	0,5 punto por mes traballado	35 puntos
	Experiencia en xestión doutros proxectos internacionais (cooperación, intercambio...)	0,2 punto por mes traballado	
	Experiencia en xestión de proxectos de I+D nacionais e/ou autonómicos	0,1 punto por mes traballado	
	Experiencia profesional en xestión, revisión e asesoramento de proxectos internacionais en órganos directamente relacionados coa Comisión Europea (NCPs, axencias europeas, etc.). Este mérito é compatible co anterior	0,2 puntos x mes traballado	10 puntos
<b>Formación</b>	Formación de posgrao, mestrado e asistencia acreditada a cursos sobre xestión de proxectos internacionais	0,2 puntos por 10 horas	10 puntos
	Formación impartida sobre xestión de proxectos internacionais	0,5 puntos x 4 horas	
<b>Coñecemento de idiomas</b>	Aos/As candidatos/as con maior puntuación nos apartados anteriores realizáraselles unha proba oral en inglés para avaliar o coñecemento do idioma sobre cuestións técnicas relacionadas coas funcións do posto. O nivel de referencia será o C1.		15 puntos
<b>Entrevista persoal</b>	Entrevista persoal aos candidatos con maior puntuación nos apartados anteriores		25 puntos

**Documentación que debe presentar o solicitante:**

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*\*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG*

<b>Código Seguro De Verificación</b>	+b7XdRqQu4UaW3TA2HdUyQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	08/11/2019 14:30:17
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	3/3
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/+b7XdRqQu4UaW3TA2HdUyQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/+b7XdRqQu4UaW3TA2HdUyQ==</a>		

